

Resume da [ORDE do 23 de marzo de 2020 pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia \(Cecop\), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.](#)

DOG nº 58 do 24 de marzo de 2020

- *A presente orde ten por obxecto regular as condicións de venda directa de produtos agrícolas e gandeiros nos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia, a venda ao retallo de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.*

- *Venda directa de produtos agrícolas e gandeiros nos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia:*

Queda prohibida ata o 31 de marzo a realización dos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia con venda directa de produtos agrícolas e gandeiros.

Fomentárase a venda de produtos agrícolas e gandeiros por medios alternativos que non impliquen presenza física, como por vía telefónica, con realización de pedidos a través da rede en liña (correo electrónico), ou similares, servidos polo produtor no domicilio do consumidor, e que eviten o desprazamento de persoas pola vía pública.

Unha vez levandada á prohibición, a venda limitarase a produtos agrícolas e gandeiros do sector da alimentación e produtos perecedoiros.

Os postos deberán atoparse separados por una vía de tránsito e una distancia mínima entre eles de 6 metros; permítese separación mínima de 4 metros entre os laterais; a forma de disposición recomendada é triángulo equilátero; dentro do mesmo posto as persoas vendedoras deberán gardar una distancia mínima de 2 metros; recomendase dispoñer de luvas dun só uso para tocar os produtos e contar dispensadores de xel desinfectante.

As persoas vendedoras; serán as titulares da explotación agraria inscritas na Sevedi, parentes de 1º grao colaboradoras da actividade agraria ou empregados da explotación.

A distancia mínima entre cada persoa usuaria será de 2 metros

Os refugallos xerados serán depositados en bolsas dentro dos colectores instalados para o efecto

- *Venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais.*

As persoas vendedoras de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais deberán dispoñer do carnet básico de aplicación de produtos fitosanitarios como acreditación. A acreditación de polas persoas compradoras de produtos vexetais con destino á plantación en hortas farase co dito carnet.

- *Realización de actividades agrarias.*

Os/as agricultores e viticultores profesionais e os seus traballadores poderán desprazarse para realización dos traballos necesarios de atención e mantemento dos cultivos/viñas. Para ser agricultor/a profesional, xa sexa a tempo completo/parcial, terá que estar de alta no Reaga.

As persoas con cultivos/viñas para autoconsumo, poden realizar desprazamentos mínimos e imprescindibles para mantemento/atención dos mesmos, sin que dito desprazamento sexa superior a 500 metros de vivenda habitual. Non pode haber máis de 2 persoas por leira

- *Vixencia*

Esta disposición entra en vigor o día 24/03/2020 e estenderá a súa vixencia ata finalización estado de alarma / prórrogas.

Enlace : https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200324/AnuncioG0426-230320-1_gl.html